

DEPARTAMENTO DE LINGUA
GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN 2010/11

ÍNDICE

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Pág.
1. OBXECTIVOS XERAIS.....	5
2. PIMEIRO DE ESO.....	5
2.1. Obxectivos didácticos.....	6
2.2. Criterios de avaliación.....	6
2.3. Competencias básicas.....	7
2.4. Contidos.....	8
3. SEGUNDO DE ESO.....	9
3.1. Obxectivos.....	9
3.2. Criterios de avaliación.....	11
3.3. Competencias básicas.....	17
3.4. Contidos.....	21
4. TERCEIRO DE ESO.....	40
4.1. Obxectivos.....	40
4.2. Criterios de avaliación.....	42
4.3. Competencias.....	43
4.4. Contidos.....	44
5. CUARTO DE ESO.....	46
5.1. Obxectivos.....	46
5.2. Criterios de avaliación.....	47
5.3. Competencias.....	47
5.4. Contidos.....	48

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN XERAL 2010-2011

6. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE 3º	52
6.1. Proposta de contidos	52
6.2. Obxectivos	53
6.3. Liñas metodolóxicas	53
6.4. Proposta de avaliación inicial	53
6.4. Criterios de avaliación	53
6.6. Criterios e procedementos para a avaliación e revisión do programa	54
7. PCPI (PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL)	
MÓDULO COMPETENCIA COMUNICATIVA E DIXITAL	54
7.1. Obxectivos	54
7.2. Criterios de avaliación	55
7.3. Contidos e competencias	56
8. PLAN LECTOR	59
9. AVALIACIÓN GLOBAL DO ALUMNADO EN XERAL E CONTIDOS BÁSICOS	60
BACHARELATO	
1. PRIMEIRO DE BACHARELATO	61
1.1. Obxectivos	61
1.2. Criterios de avaliación	63
1.3. Competencias	65
1.4. Contidos comúns	66
1.5. Metodoloxía	69
2. SEGUNDO DE BACHARELATO	70

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN XERAL 2010-2011

2.1. Contidos e secuenciación.....	70
3. LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE	72
3.1. Obxectivos.....	72
3.2. Contidos e secuenciación.....	73
3.3. Criterios de avaliación.....	74
4. Criterios de avaliación para Bacharelato.....	75

1. OBXECTIVOS XERAIS

- *1- Valorar, estimar e empregar a lingua galega en todo tipo de contextos comunicativos.
- Valorar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais.
- Respectar as variantes dialectais.
- Apreciar a diversidade lingüística europea, e en particular a da Península Ibérica.
- Percibir a diferenza entre o estatus dunha lingua normalizada e o dunha minorizada.
- *- Comprender textos orais e escritos de diversos tipos: narrativos, descritivos, poéticos, dialogados, publicitarios, etc.
- *- Diferenciar as ideas principais dun texto.
- *- Expresarse oralmente e por escrito con corrección.
- Reflexionar sobre os diferentes planos do sistema lingüístico (fonolóxico, morfosintáctico, léxico, etc.).
- *- Empregar a linguaxe oral e a escrita para a transmisión de investigacións e todo tipo de saberes e feitos culturais.
- *- Ler con fluidez e de maneira expresiva.
- Valorar a lectura como medio para coñecer culturas e mundos diversos.
- Coñecer a evolución da literatura galega a través da historia e ler textos de escritores representativos de cada época.

2. PRIMEIRO DE ESO

Libro do alumno: *Lingua galega e literatura* de Editorial Anaya.

Material do profesor: *Lingua galega e literatura 1º ESO. Proposta didáctica* de Ed.

Anaya.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

Ler con fluidez e coa entoación adecuada e comprender diferentes tipos de textos.

Comentar un texto e observar as súas características formais.

Ampliar vocabulario.

Redactar textos propios

Dominar a puntuación e as regras de ortografía básicas.

Recoñecer substantivos, adxectivos, determinantes, verbos, adverbios etc.

Identificar suxeito e predicado e clasificar oracións simples.

Identificar xéneros da literatura popular tradicional e observar as súas características.

Interpretar positivamente o plurilingüismo de España e Europa.

2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Le un texto con fluidez e comprensión (contempla textos literarios, xornalísticos, científicos etc.)

Aplica as regras básicas de acentuación.

Aplica con corrección os distintos signos de puntuación.

Comenta a temática dun texto (narrativo, poético, dramático...).

Analiza textos populares.

Analiza os elementos dunha noticia.

Analiza un relato curto e caracteriza os personaxes dunha novela.

Sinala a rima e outros trazos métricos dun poema.

Realiza retratos e descrições diversas.

Crea unha narración.

Crea un diálogo.

Crea un poema.

Diferencia lexemas de morfemas.

Identifica prefixos e sufixos.

Forma palabras derivadas.

Identifica palabras polisémicas, homónimas e homófonas.

Indica as regras de formación do plural e as correspondencias entre masculino e feminino.

Coñece as distintas clases de pronomes.

Recoñece os pronomes persoais.

Diferencia as formas *che* / *te*.

Coñece e usa as diferentes formas dos determinantes.

Recoñece unha forma verbal e analízaa.

Utiliza correctamente as formas verbais irregulares.

Identifica adverbios, preposicións e conxuncións.

Identifica oracións simples e oracións compostas.

Coñece como foi evolucionando ao longo da historia a lingua galega e os escritores máis significativos de cada época.

Recoñece a importancia da normalización dun idioma.

2.3. COMPETENCIAS

Exercicio da expresión oral.

Lectura de maneira comprensiva de diferentes tipos de textos.

Definición de conceptos traballados.

Exercicio da expresión escrita.

Elaboración de traballos escritos con diferentes contidos e estruturas, ben utilizando instrumentos tradicionais ou utilizando as novas tecnoloxías.

Busca de información en soportes tradicionais e por medio das novas tecnoloxías.

Planificación de traballos, resumos, fichas de lectura, definicións, esquemas etc.

Formulación da idea principal dun fragmento e comentario de todo tipo de textos.

Interpretación de esquemas, gráficos etc.

Interiorización de actitudes cívicas con respecto ao grupo e ás situacións que poidan presentarse na vida académica.

Valoración positiva do plurilingüismo.

Equiparación do galego e o castelán na facilidade para expresarse.

Valoración positiva da riqueza cultural de Galicia.

Desenvolvemento da creatividade e a autonomía persoal.

Manexo do dicionario e outros instrumentos básicos para o coñecemento da lingua.

Autoavaliación.

Valoración do esforzo e o traballo.

2.4.CONTIDOS

O abecedario.

Ditongos e hiatos. As sílabas.

Os signos de puntuación.

Acentuación

Palabras variables e invariables.

O substantivo. Xénero e número.

O adxectivo. Graos

Os pronomes

Artigos, posesivos, demostrativos, indefinidos, numerais, interrogativos, exclamativos.

Verbos.

Adverbios.

Preposicións e conxuncións.

A oración.

Campos semánticos, polisemia, homonimia, sinonimia.

Formación de palabras. Derivación (prefixos e sufixos) e composición.

Os xéneros literarios.

Métrica: arte maior, arte menor, sinalefa, rima...

Figuras literarias: metáforas, comparacións, prosopopeas...

Plurilingüismo de Europa.

A oficialidade dos idiomas.

A normalización dunha lingua.

3. SEGUNDO DE ESO

Libro do alumno: *Lingua galega e literatura* de Editorial Anaya.

Material do profesor: *Lingua galega e literatura 2º ESO. Proposta didáctica* de Ed.

Anaya.

3.1. OBXECTIVOS

Ler un texto literario coa entoación adecuada e realizar o comentario correspondente seguindo criterios establecidos.

Recoñecer as características propias dos textos periodísticos e doutras claes.

Ampliar o vocabulario dos campos semánticos máis habituais.

Descompoñer palabras en lexema e morfemas, e clasificalas segundo a súa estrutura.

Coñecer a clasificación dos substantivos e aplicar correctamente as regras de formación do plural.

Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes en masculino.

Recoñecer semántica e morfoloxicamente os adxectivos.

Recoñecer os distintos determinantes e os seus usos especiais.

Coñecer semántica e formalmente as distintas formas dos pronomes persoais átonos. conxugar correctamente verbos regulares e irregulares.

Recoñecer e clasificar os adverbios.

Recoñecer preposicións e conxuncións.

Diferenciar o suxeito axente e o suxeito paciente e ser capaz de recoñecer e clasificar as oracións sen suxeito.

Recoñecer o suxeito e o predicado dunha oración e identificar as distintas frases que a constitúen.

Identificar os constituíntes dunha frase e distinguir os diferentes tipos de frases.

Diferenciar o suxeito axente e o suxeito paciente e ser capaz de recoñecer e clasificar as

oracións sen suxeito.

Diferenciar oracións con predicado nominal e predicado verbal.

Coñecer a estrutura das oracións copulativas e das predicativas e analízalas sintacticamente.

Clasificar as oracións atendendo á natureza do predicado.

Recoñecer as oracións compostas.

Recoñecer e valorar o carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.

Comprender os conceptos de lingua minorizada e lingua dominante.

Coñecer a diferente situación legal das linguas oficiais e non-oficiais e valorar a importancia de preservar a existencia de todas as linguas.

Coñecer a evolución histórica da lingua galega e a importancia do seu recoñecemento na Constitución e no Estatuto de Autonomía.

Recoñecer as variedades de fala.

Diferenciar os conceptos de bilingüismo e diglosia.

Comprender o concepto de normalización lingüística.

Aplicar correctamente na práctica as regras xerais de acentuación e o til diacrítico.

Aplicar correctamente na práctica os distintos signos de puntuación, as maiúsculas e os diferentes grafemas.

Coñecer as características dos textos literarios que os diferencian doutros tipos de textos.

Recoñecer as composicións literarias que pertencen aos xéneros narrativo e lírico.

Saber cales son as características da novela que a definen como xénero e analizar os elementos da narración.

Recoñecer as características da novelas históricas, policiais, etc. e analizar os elementos da narración.

Coñecer as características do conto, da fábula e doutros xéneros.

Coñecer os recursos da poesía galega medieval e da poesía lírica en xeral.

Coñecer algúns dos recursos semánticos máis comúns.

Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Le con fluidez e coa atención adecuada un texto (narrativo, xornalístico, etc.).

Comenta un texto seguindo uns criterios dados (comprensión, léxico, estrutura, creación).

Le e comenta unha reportaxe periodística seguindo as características propias deste subxénero.

Identifica os elementos propios dunha noticia e as seis preguntas clave ás que debe dar resposta.

Nun texto, identifica a idea principal e as secundarias que a amplían ou explican.

Elabora diferentes esquemas a partir dun texto.

Recoñece as características de distintos tipos de textos persoais (carta, correo electrónico, notas, SMS).

Aplica en diferentes contextos os substantivos e os adxectivos estudados.

Identifica e diferencia palabras homófonas.

Recoñece os termos contrarios e identifica, dentro deles, os antónimos.

Diferencia substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, contables e non contables, individuais e colectivos.

Forma o plural de substantivos dados.

Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.

Aplica en distintos contextos os substantivos e os adxectivos estudados.

Identifica e clasifica topónimos.

Relaciona os xentilicios cos topónimos correspondentes e forma xentilicios cos sufixos adecuados.

Recoñece antropónimos e clasifícaos segundo o seu significado.

Identifica hipocorísticos e relaciónaos co nome propio correspondente.

Clasifica adxectivos en especificativos e explicativos.

Forma o feminino de adxectivos rematados en *-án* ou *-ano*.

Identifica e clasifica os determinantes dun texto.

Recoñece os usos especiais dos demostrativos.

Recoñece os usos especiais dos posesivos.

Recoñece as formas átonas dos pronomes persoais, así como as formas que resultan da súa concorrencia.

Diferencia na práctica o uso de *te/che* e *lle/lles*.

Aplica correctamente as normas de colocación dos pronomes persoais átonos.

Recoñece o complemento directo e o indirecto nun predicado verbal e substitúeos polo pronome átono correspondente.

Aplica en diferentes contextos os verbos estudados.

Utiliza correctamente as distintas formas verbais dos verbos regulares.

Conxuga correctamente verbos regulares que presentan variacións.

Conxuga correctamente os verbos irregulares.

Identifica o lexema e os diferentes morfemas dunha palabra.

Clasifica palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas.

Agrupa palabras por familias léxicas.

Agrupa palabras segundo o campo semántico ao que pertencen.

Diferencia palabras polisémicas e homónimas.

Identifica e aplica correctamente palabras parónimas.

Recoñece o suxeito e o predicado dunha oración e identifica as distintas frases que a constitúen.

Recoñece os distintos tipos de frases e identifica os seus constituíntes.

Nunha oración, identifica o suxeito e analiza os seus constituíntes.

Discrimina o predicado verbal e o predicado nominal segundo a natureza do seu núcleo.

Recoñece as oracións copulativas e analiza sintacticamente o predicado nominal.

Identifica as oracións predicativas e sabe cales son os elementos constitutivos do predicado verbal.

Identifica o suxeito paciente nunha oración pasiva.

Discrimina as oracións impersoais, aparentemente impersoais e con suxeito omitido.

Identifica e clasifica perífrases verbais segundo o matiz que expresen.

Identifica o complemento circunstancial nunha oración e sabe que frases poden desempeñar esta función.

Identifica o complemento axente nunha oración pasiva.

Recoñece e clasifica adverbios e locucións adverbiais, e identifica a palabra que

modifican en cada caso, ademais de indicar a súa función sintáctica.

Clasifica as oracións en activas e pasivas, copulativas e predicativas, transitivas e intransitivas.

Clasifica as oracións segundo a presenza ou ausencia do suxeito.

Coñece as preposicións e as locucións prepositivas e aplícaaas con corrección.

Identifica e clasifica conxuncións segundo a relación que establezan.

Identifica as oracións compostas e clasifícaaas segundo sexan compostas por coordinación ou por subordinación.

Utiliza correctamente as partículas comparativas.

Valora o carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.

Coñece os conceptos de *lingua oficial* e *lingua non-oficial*.

Sabe cales son os obxectivos da *Carta Europea das linguas Rexionais ou Minoritarias*.

Sabe que linguas se falan no Estado español e cal é o seu status.

Identifica o galego como lingua propia de Galicia e coñece o proceso que o levou a converterse nunha lingua minorizada.

Coñece algúns trazos distintivos da fala dos tres bloques lingüísticos de Galicia.

Distingue claramente os diferentes niveis de lingua: culto, medio e vulgar.

Identifica os diferentes rexistros de lingua: formal e informal.

Comprende a situación de conflito que se produce cando hai dúas linguas en contacto.

Comprende os conceptos de *lingua inicial* e *lingua habitual*.

Comprende os conceptos de *competencia lingüística* e *de actitude lingüística* e reflexiona acerca da situación actual do galego.

Comprende os conceptos de *bilingüismo* e *diglosia* e reflexiona acerca da situación

actual do galego.

Reflexiona acerca da aplicación da *Lei de Normalización Lingüística* no ensino.

Comprende o concepto de *normalización lingüística* e analiza a situación do galego.

Aplica correctamente as regras de acentuación.

Aplica o acento diacrítico en palabras con e e con o, segundo teñan vogal semiaberta ou semipechada.

Coñece e aplica correctamente as normas de uso dos signos de interrogación e de exclamación.

Aplica correctamente as normas de uso do *h*.

Emprega correctamente as grafías *n/ñ* en situación intervocálica.

Aplica correctamente *b* e *v* en verbos acabados en *-ber/-ver* e *-bir/-vir*.

Sabe cando se conservan os grupos cultos *-cc-/-ct-* e cando se reducen a *-c-/-t-*, e aplícao na práctica.

Nun texto literario dado, reconece as peculiaridades que o identifican como tal.

Redacta un texto creativo a partir dunha teima ou dun soño.

Comenta, a partir dun texto, as características propias da literatura popular.

Recoñece as obras literarias que pertencen aos xéneros lírico e narrativo e identifica as súas características.

Recoñece e clasifica os recursos de: aliteración, anáfora e hipérbato.

Crea un texto a partir dunha situación que lle produce medo.

Identifica os recursos semánticos da comparación, a metáfora e a metonimia.

Redacta textos creativos a partir de palabras crebadas.

Redacta textos creativos a partir do punto de vista dun animal.

Analiza e inventa títulos para relatos e crea textos propios a partir de pautas dadas.

Coñece as características da novela.

Identifica o tipo de narrador nun texto narrativo e sabe dicir se é omnisciente, protagonista ou testemuña.

Diferencia entre personaxes centrais e secundarios.

Recoñece nun texto as características propias da novela policial e da histórica.

Analiza o espazo e mais a orde temporal dos acontecementos nun fragmento narrativo.

Recoñece a persoa narrativa (1ª ou 3ª) e identifícaa cun determinado tipo de narrador.

Coñece os catro tipos de finais distintos cos que poden rematar as historias de ficción.

Recoñece os recursos da personificación, a hipérbole, a ironía e a antítese.

Analiza as características do conto, a fábula e outros xéneros populares.

Sabe que é un acróstico e crea acrósticos seguindo unhas pautas dadas.

Coñece os pasos necesarios para preparar correctamente unha conferencia.

Clasifica e comenta cantigas tendo en conta a métrica e os recursos estilísticos propios da lírica medieval.

Recoñece as estrofas máis comúns de tres e catro versos e identifica un soneto.

Coñece as características propias da comedia, da traxedia e do drama.

Coñece a estrutura dunha obra teatral e diferencia actos, cadros e escenas.

3.3. COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de

textos literarios de diferentes xéneros e autores.

Ler de maneira comprensiva e crítica fragmentos non-literarios, periodísticos, etc.

Redactar textos propios cambiando o punto de vista do narrador.

Entender as causas das regras internas da lingua.

Manifestar curiosidade pola orixe dos nomes propios.

Analizar textos literarios e non-literarios, diferenciando as súas partes.

Valorar a creatividade e o esforzo na produción de textos.

Manifestar interese pola creación de textos fantásticos e orixinais.

Valorar a educación como factor indispensable para acadar unha correcta

Preparar textos expositivos e ser capaz de expoñelos en público con coherencia e fluidez.

Gozar coa creación de textos propios e cos xogos lingüísticos.

Demostrar a competencia lingüística redactando correctamente diversos textos persoais.

Valorar o coñecemento e dominio de todos os mecanismos da lingua para acadar un grao correcto de competencia lingüística, tanto na comprensión como na produción de textos.

Interesarse por todos os procedementos que poidan fomentar a creatividade e a imaxinación.

Definir tecnicismos con corrección.

- Autonomía e iniciativa persoal

Reflexionar e expresar a opinión persoal respecto dun tema dado.

Reflexionar acerca do carácter monolingüe dalgúns Estados e buscar as posibles causas.

Investigar de maneira autónoma e eficiente para realizar os traballos propostos.

Expresar os propios gustos.

Argumentar acerca dun determinado tema, achegando razóns que xustifiquen a postura adoptada.

Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicalas á vida cotiá.

Saber «ler entre liñas» e extraer conclusións.

Expoñer un feito con coherencia, argumentando a postura persoal.

Analizar de maneira reflexiva as causas que levan a unha situación lingüística determinada.

Facer un pequeno traballo con autonomía e reflexión.

Elaborar de maneira autónoma un traballo expositivo.

Expresar os sentimentos sen prexuízos.

Analizar con rigor as vantaxes e os inconvenientes que presenta calquera actividade.

Comentar de maneira crítica e persoal unha cita de autor.

Ser capaz de «dicir non» ante situacións que non nos conveñen.

- Competencia cultural e artística

Valorar a riqueza que ofrece calquera lingua, como un ben común que cómpre conservar e defender.

Valorar os refráns como froito da experiencia e da sabedoría popular.

Valorar a literatura popular en xeral.

Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

Valorar a importancia que a tradución de obras clásicas ou divulgativas ten para a

normalización dunha lingua.

Valorar a lingua como sinal de identidade dun pobo e como reflexo da forma de entender a realidade.

Valorar a importancia do labor social e institucional na defensa, recoñecemento e normalización dunha lingua.

Valorar a creatividade na produción dos propios textos.

Valorar e respectar as distintas variantes da fala segundo o territorio.

Valorar a importancia da lingua estándar na escrita.

Manifestar unha actitude comprometida ante situacións inxustas ou de abandono.

Mostrar unha actitude respectuosa ante a maneira de vivir ou de actuar dos demais.

Ser consciente da importancia de adecuar o rexistro lingüístico á situación concreta na que ten lugar o acto comunicativo.

Reflexionar acerca da importancia do uso dunha lingua como lingua habitual para acadar a súa normalización.

Reflexionar acerca da situación actual da lingua galega.

Reflexionar acerca das medidas necesarias para que as dúas linguas dunha comunidade convivan en situación de igualdade.

Reflexionar acerca da importancia de valorar por igual e sen prexuízos todas as linguas e ser consciente de que unha lingua é moito máis ca un sistema de comunicación.

Valorar a importancia do ensino no grao de adquisición e dominio dunha lingua.

Valorar a percepción que teñen os máis vellos con respecto á evolución da lingua galega.

- Tratamento da información e competencia dixital

Buscar información en diversos soportes e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.

Buscar información en diversos soportes tradicionais (dicionarios, enciclopedias...) e dixitais.

Interpretar mapas e gráficos extraer conclusións.

Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías e outros medios de consulta tradicionais para obter información sobre autores literarios, acontecementos históricos, etc.

Ordenar e organizar información.

Buscar información sobre unha obra literaria, tanto en soportes dixitais como tradicionais (enciclopedias e dicionarios).

Buscar información en diversos soportes tradicionais e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.

- Competencia para aprender a aprender

Elaborar unha ficha biográfica a partir dos datos obtidos nun labor de investigación.

Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Facer resumos.

Elaborar fichas cos datos obtidos nun labor de investigación.

Recoñecer a idea central dun texto, así como algunhas ideas secundarias.

Elaborar un esquema a partir dun texto expositivo.

Facer o resumo dun texto expositivo a partir dun esquema.

Elaborar unha ficha de autor a partir dos datos obtidos nun labor de investigación.

Redactar un resumo dun fragmento narrativo.

Sintetizar o tema dun texto nun título.

Elaborar cadros que reflictan con claridade os datos obtidos nun labor de investigación.

Elaborar un resumo dun fragmento narrativo.

Argumentar de maneira sólida as propias opinións.

Debater sobre un tema con tolerancia e respecto.

Mostrar actitudes solidarias con respecto aos máis débiles.

Valorar a familia e os vínculos afectivos.

3.4.CONTIDOS²

UNIDADE 1

- Lectura e comentario

-Lectura e comentario dun texto narrativo de Álvaro Cunqueiro.

- Os textos periodísticos: a noticia

Identificación e redacción de titulares.

Análise das preguntas clave ás que dá resposta unha noticia periodística.

Valoración crítica dos textos periodísticos.

- Substantivos relacionados coa escola. Palabras homófonas

Relación de sinonimia entre termos dados.

Aplicación do vocabulario estudado noutros contextos.

Explicación de frases feitas.

Aplicación correcta de distintas palabras homófonas.

Interese polo enriquecemento do vocabulario e por evitar castelanismos.

- A estrutura das palabras

Identificación do lexema e dos distintos morfemas dunha palabra.

Discriminación entre morfemas dependentes e independentes.

Clasificación de palabras segundo a súa estrutura.

Formación de familias léxicas.

Actitude reflexiva no uso da lingua.

- A oración

Identificación de suxeito e predicado.

Identificación das frases que compoñen unha oración.

- As linguas do mundo

Valoración do carácter plurilingüe da maior parte dos Estados do mundo.

Valoración do plurilingüismo como reflexo do carácter pluricultural do mundo.

- Acentuación

Aplicación práctica das normas xerais de acentuación.

Ditado.

Interese por aplicar correctamente as regras da acentuación.

- O texto literario

Identificación das características propias do texto literario nun texto de Carlos Casares e noutro de carácter tradicional.

Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural.

- Taller de escritura: unha teima

Lectura e comentario dun texto de Oli.

Redacción dun relato a partir dunha teima ou dun soño.

Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.

UNIDADE 2

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Paco Martín.

Anotación do vocabulario novo.

Valoración das persoas que nos rodean e da importancia que teñen nas nosas vidas.

- Os textos periodísticos: a reportaxe

Comentario dunha reportaxe periodística.

Valoración crítica dos textos periodísticos.

- Adxectivos relacionados coas viaxes. Termos contrarios: os antónimos

Identificación de termos coa súa definición.

Formación de palabras derivadas e identificación da palabra primitiva da que proceden.

Correspondencia entre termos contrarios.

Busca de antónimos para palabras dadas.

Interese por ampliar o caudal léxico e evitar palabras incorrectas.

- O substantivo e as súas clases. O número: formación do plural

Recoñecemento de substantivos nun texto.

Clasificación de substantivos.

Conversión a plural de substantivos e oracións en singular.

Conversión a plural de palabras compostas.

Actitude reflexiva no uso da lingua.

- As frases

Clasificación de frases segundo o seu núcleo e identificación dos seus elementos.

- As linguas de Europa

Expresión da propia opinión respecto do status das linguas oficiais e non-oficiais.

Redacción de obxectivos para impulsar o uso das linguas menos protexidas.

Valoración da lingua como expresión dunha identidade colectiva.

- O acento diacrítico: palabras con *a*

Aplicación práctica do acento diacrítico en palabras con *a*.

Ditado.

Respecto polas convencións da norma escrita.

- A literatura popular ou tradicional. Os recursos literarios fónicos e morfosintácticos

Comentario das características da literatura popular a partir de diferentes textos.

Identificación e clasificación dos recursos da aliteración, o hipérbato e a anáfora en textos de Uxío Novoneyra e A. Iglesia Alvariño.

Curiosidade por coñecer os principais recursos estilísticos da lírica.

- Taller de escritura: xogamos co medo

Lectura e comentario dun texto de Xabier P. Docampo.

Redacción de textos creativos a partir de situacións que infunden medo ou temor.

Valoración dos textos propios e alleos.

UNIDADE 3

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Orenco Pérez González.

Anotación de vocabulario novo.

Valoración da tolerancia e do diálogo como base indispensable para as relacións.

- Os textos periodísticos: a crónica

Comentario dunha crónica periodística.

Valoración crítica dos textos periodísticos.

- Verbos relacionados coas relacións persoais. O campo semántico

Correspondencia entre diferentes termos e a súa definición.

Clasificación de palabras segundo o campo semántico.

Correspondencias de sinónimos e contrarios.

Explicación de expresións e frases feitas.

Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.

- O xénero do substantivo: formación do feminino

Discriminación entre substantivos variables e invariables en canto ao xénero.

Aplicación das normas da formación do feminino.

Identificación do xénero de palabras mediante o uso de determinantes e a concordancia.

Interese por aplicar correctamente as regras de formación do feminino.

- O suxeito

Identificación do suxeito de oracións dadas.

Análise sintáctica das frases que desempeñan a función de suxeito.

- A situación das linguas. Linguas dominantes e linguas minorizadas

Reflexión a partir de textos e argumentación da postura persoal ao respecto.

Valoración de todas as linguas por igual, sexa cal sexa a súa situación legal.

- O acento diacrítico

Aplicación práctica do acento diacrítico en palabras con e e con o.

Ditado.

Valoración da pronunciación correcta das vogais semiabertas e semipechadas como un trazo distintivo do coñecemento adecuado da nosa lingua.

- Os xéneros literarios. Os recursos literarios semánticos

Comentario das características das obras líricas e das obras narrativas a partir de textos de Agustín Fernández Paz e Ramón Cabanillas.

Identificación dos recursos semánticos da comparación, a metáfora e a metonimia.

Valoración da importancia da función estética da linguaxe na literatura.

- Taller de escritura: xogamos co medo

Lectura e comentario dun texto de Manuel Antonio Pina.

Redacción de textos a partir de xogos con palabras.

Valoración da imaxinación e do xogo na creación literaria.

UNIDADE 4

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Eduardo Blanco Amor.

Valoración das actitudes pacíficas.

- Técnicas de traballo: idea principal e ideas secundarias

Identificación da idea principal e das secundarias en cada parágrafo dun texto.

Elaboración dun resumo a partir das ideas principais seleccionadas.

Conciencia da importancia das técnicas de traballo para organizar a información.

- Substantivos relacionados coa casa. Palabras polisémicas e homónimas. Topónimos

Relación dos substantivos coa ilustración.

Buscas no dicionario e clasificación de palabras en polisémicas e homónimas.

Explicación de refráns.

Clasificación de topónimos segundo o seu significado.

Interese por aumentar o caudal léxico e evitar castelanismos.

- O adxectivo cualificativo: clasificación, xénero, grao comparativo

Clasificación de adxectivos en explicativos/especificativos, variables/invariables.

Formación do feminino de adxectivos rematados en *-án/-ano*.

Aplicación das partículas comparativas.

Explicación do significado de adxectivos dados segundo a súa posición.

Actitude reflexiva no uso da lingua.

- O suxeito axente e o suxeito paciente. Oracións sen suxeito

Identificación do suxeito paciente en oracións pasivas.

Clasificación de oracións sen suxeito.

- As linguas do Estado español

Coñecemento das linguas do Estado español e do diferente *status* que presentan.

Valoración do plurilingüismo como unha riqueza cultural que cómpre preservar.

- O acento diacrítico

Aplicación do acento diacrítico en palabras e textos.

Ditado.

- A novela. Os elementos da narración. Os recursos semánticos

Clasificación de novelas segundo o título.

Identificación da clase de narrador nun texto de Xosé Neira Vilas.

Identificación de recursos semánticos: personificación, hipérbole, ironía, antítese.

Curiosidade por coñecer os principais recursos estilísticos da lírica.

- Taller de escritura: a orixe

Lectura dun texto de Bernardo Atxaga.

Redacción dun texto segundo o punto de vista dun animal.

Valoración dos textos creativos propios e respecto polas creacións alleas.

UNIDADE 5

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Álvaro Magalhães.

Anotación de vocabulario novo.

Valoración da lectura como fonte de pracer e de aprendizaxe.

- Técnicas de traballo: o esquema

Identificación da idea principal de cada parágrafo dun texto expositivo.

Elaboración dun esquema.

Interese por coñecer o noso contorno, como paso previo para valoralo e protexelo.

Conciencia da importancia das técnicas de traballo para organizar a información.

- Substantivos relacionados coas compras

Relación de palabras e imaxes.

Agrupación de palabras segundo uns criterios determinados.

Explicación de refráns e frases feitas.

Buscas no dicionario.

Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado a cada momento.

- Os determinantes

Identificación e clasificación dos determinantes dun texto.

Aplicación dos determinantes e das súas contraccións en oracións e textos.

Explicación e aplicación dos usos particulares dos demostrativos e dos posesivos.

Actitude comprometida coa preservación dos bens naturais do noso Planeta.

- O predicado

Identificación das oracións simples dun texto.

Discriminación de predicado verbal e predicado nominal.

- A lingua galega

Reflexión acerca da evolución da lingua galega.

Análise dalgúns artigos fundamentais do *Estatuto de Autonomía* acerca da lingua galega.

Valoración da importancia do labor institucional e social para fomentar o uso da lingua.

- Signos de puntuación

Puntuación de textos.

Ditado.

- A novela histórica. Elementos da narración

Análise das características da novela histórica a partir dun texto de Teresa Moure.

Análise e clasificación dos personaxes de textos narrativos.

Transformación de diálogos directos en diálogos indirectos.

- Taller de escritura: gárdame o segredo

Clasificación e invención de títulos.

Redacción de textos creativos a partir dun segredo.

UNIDADE 6

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun mito clásico.

Anotación de vocabulario novo.

Valoración da literatura tradicional como referencia para a creación doutros textos.

- Técnicas de traballo: o resumo

Lectura e análise, parágrafo a parágrafo, dun texto expositivo.

Elaboración dun resumo a partir dun esquema.

Curiosidade por coñecer os produtos propios da nosa terra.

- Adxectivos relacionados coa descrición de persoas. Os termos complementarios

Relacións de sinonimia.

Identificación de palabras derivadas doutras dadas.

Redacción dun texto descritivo cos adxectivos propostos.

Relación de termos complementarios.

Interese por aumentar o caudal léxico e evitar castelanismos.

- Os pronomes persoais

Identificación de pronomes átonos nun texto e análise das contraccións.

Aplicación das formas átonas *te/che* e *lle/lles* en diversas oracións e textos.

Aplicación das diversas formas dos pronomes átonos de 3ª persoa en función de complemento directo.

Substitución de sintagmas por contraccións de pronomes de CD e de CI.

Actitude reflexiva no uso da lingua.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN XERAL 2010-2011

- Oracións copulativas

Identificación das oracións copulativas dun texto e análise do seu predicado nominal.

- Variedades de fala

Identificación de palabras dadas co bloque lingüístico ao que pertencen.

Valoración da diversidade lingüística na fala como unha riqueza que cómpre conservar.

Valoración dunha norma estándar na escrita para acadar a corrección lingüística.

- Signos de puntuación

Puntuación de textos.

Ditado.

- A novela policial. Elementos da narración

Comentario dun fragmento dunha novela policial de Marilar Aleixandre.

Análise do tempo na narración e identificación da orde temporal seguida.

Análise e clasificación do espazo narrativo nun fragmento.

Valoración das distintas manifestacións artísticas e culturais.

- Taller de escritura: manipulando

Reescritura dun texto seguindo uns criterios lingüísticos dados.

Gozo cos xogos lingüísticos e creativos.

UNIDADE 7

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Manuel Rivas.

Anotación de vocabulario novo.

Conciencia da importancia da educación e dos valores humanos das persoas.

- Os textos instrutivos

Comentario de distintos textos instrutivos.

Interese por comprender e interpretar correctamente todo tipo de textos.

- Substantivos relacionados coa fauna e a flora

Correspondencia entre nomes e ilustracións ou definicións.

Relacións de sinonimia e clasificación de palabras por campos semánticos.

Formación de palabras derivadas engadindo determinados sufixos.

Interese por aumentar o caudal léxico e utilizalo correctamente en todos os contextos.

- Os pronomes persoais

Aplicación das normas de colocación dos pronomes átonos.

Gusto por dominar as convencións gramaticais que regulan a escrita.

- O predicado verbal

Diferenciación de predicados verbais e predicados nominais.

Identificación do núcleo e dos complementos nun predicado verbal.

- Variedades de lingua

Reflexión acerca do nivel lingüístico que posúen diferentes falantes.

Identificación do nivel de lingua empregado en diferentes textos.

Identificación do rexistro lingüístico adecuado para cada situación comunicativa.

Conciencia da importancia da aprendizaxe para acadar un nivel de lingua correcto.

Esforzo por adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.

- Emprego do *h*

Aplicación do *h* en palabras e oracións.

Aplicación de prefixos gregos con *h* e explicación do seu significado.

Aplicación correcta de palabras que se diferencian pola presenza ou ausencia de *h*.

Ditado.

Interese por utilizar correctamente certas grafías e por evitar castelanismos.

- Elementos da narración: a persoa narrativa

Análise da persoa narrativa e do narrador en textos de Castelao e de M. Rivas.

Análise dos cambios que se producen nun texto ao cambiar o punto de vista.

- Taller de escritura: acabar ben

Lectura dun texto de Ursula Wölfel e análise do final elixido.

Redacción de textos imaxinativos e innovadores.

Gozo coa redacción de textos creativos propios e respecto cara ás producións alleas.

UNIDADE 8

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto de Fina Casalderrey.

Valoración do estudo como fonte de enriquecemento e de formación persoal.

- Os textos oficiais: a solicitude

Redacción dunha solicitude a partir dun modelo.

Interese por aprender a manexar textos de diferentes tipos.

- Adxectivos relacionados coa forma de ser. Os xentilicios

Correspondencia entre palabras e o seu significado.

Relación de sinónimos e termos contrarios.

Identificación de palabras derivadas coa palabra primitiva da que proceden.

Formación de xentilicios e correspondencia cos seus topónimos.

Gusto por elixir a palabra máis adecuada para cada contexto.

- Os verbos: verbos regulares e verbos con variacións

Uso axeitado das diferentes formas dos verbos regulares para completar textos.

Definición de formas verbais segundo as súas desinencias.

Conxugación de verbos con variacións e aplicación das formas correctas.

Esforzo por dominar a conxugación dos verbos regulares.

- Os complementos do verbo: complemento directo

Recoñecemento de verbos transitivos e intransitivos.

Identificación do complemento directo nunha oración e análise da frase que desempeña esa función.

Substitución dunha frase que funciona como CD polo pronome átono correspondente.

- O galego hoxe: linguas en contacto, lingua inicial e lingua habitual

Interpretación e análise de gráficos.

Elaboración de cadros que recollan os datos obtidos nun labor de investigación.

Valoración do galego como lingua habitual na nosa comunidade.

- Emprego de *n* e *ñ*

Aplicación práctica de *n* e *ñ* intervocálico en palabras que poden ofrecer dúbidas.

Esforzo por evitar as interferencias do castelán e por facer un uso correcto da lingua.

- O conto

Análise das características e da estrutura dun conto de Ánxel Fole.

Clasificación dun conto segundo o seu tema.

Sensibilidade estética perante as producións literarias.

- Taller de escritura: empezar polo final

Análise das características e da estrutura dunha fábula.

Creación dunha fábula a partir dunha ensinanza dada.

Valoración da literatura tradicional como medio de aprendizaxe e crítica.

UNIDADE 9

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto literario de Francisco Fernández Naval.

Anotación e interiorización do vocabulario novo.

Gozo coa lectura de novelas de aventuras e suspense.

- Os textos expositivos

Preparación dunha conferencia sobre un tema determinado.

Elección dos medios audiovisuais máis adecuados para a exposición.

Conciencia do valor expresivo e comunicativo da linguaxe non-verbal.

- Verbos de acción. Os antropónimos

Substitución de verbos polisémicos por outros de significado máis preciso.

Diferenciación práctica de *inverter/invertir*, *recorrer/percorrer*.

Corrección de castelanismos.

Clasificación de antropónimos segundo o seu significado.

Curiosidade por coñecer a procedencia das palabras.

- O verbo: os verbos irregulares

Identificación de verbos en diversos textos e definición segundo as súas desinencias.

Aplicación en oracións e textos das formas adecuadas dos verbos irregulares.

Transformación de oracións e textos cambiando o tempo verbal.

Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.

- Os complementos do verbo: o complemento indirecto

Identificación do complemento directo e do complemento indirecto nun texto.

Substitución das frases que funcionan como CI polo pronome átono correspondente.

- O galego hoxe: competencia lingüística e actitudes lingüísticas

Interpretación e comentario de gráficos.

Reflexión acerca das actitudes lingüísticas con respecto ao galego.

- Emprego de *b* e *v*: verbos acabados en *-ber/-ver* e en *-bir/-vir*

Aplicación práctica de *caber/precaver*, *absolver/absorber*.

Aplicación de verbos acabados en *-ber/-ver*, *-bir/-vir* e das súas familias léxicas.

Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.

- A lírica medieval

Análise e clasificación de cantigas medievais.

Comentario da rima e dos recursos estilísticos (paralelismo, leixa-pren, refrán).

Elección de versos para completar unha cantiga tendo en conta os recursos estilísticos.

Valoración da tradición literaria como referencia para a creación doutros textos.

- Taller de escritura: acrósticos

Recoñecemento e redacción de versos acrósticos.

Gusto pola creación de textos innovadores e polos xogos lingüísticos.

UNIDADE 10

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto literario.

Valoración da solidariedade e da xenerosidade.

- Os textos persoais: carta, correo electrónico, notas, SMS

Análise e comentario de distintos textos persoais.

Análise dos distintos elementos que interveñen en cada texto.

- Substantivos relacionados coas relacións de parentesco. Os termos recíprocos

Transformación de substantivos masculinos en femininos.

Correspondencia entre termos e definicións.

Relacións de sinonimia.

Emparellamentos de termos recíprocos.

Interese por utilizar correctamente a nosa lingua, evitando castelanismos.

- O verbo: as formas nominais, as perífrases verbais

Identificación das formas nominais de calquera verbo.

Identificación de perífrases verbais e dos elementos que as constitúen.

Clasificación de perífrases e explicación do seu significado.

Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.

- Os complementos do verbo: o complemento circunstancial, o complemento axente

Identificación das frases que funcionan como CC nun texto.

Discriminación entre oracións activas e pasivas e identificación, nestas últimas, do complemento axente.

Transformación de oracións activas a pasivas.

- Bilingüismo e diglosia. As interferencias lingüísticas

Reflexión, a partir de textos, acerca da situación de diglosia que se produce en Galicia.

Corrección de castelanismos.

Valoración da importancia de usar a lingua galega en calquera situación comunicativa e evitando castelanismos, como paso indispensable para acadar a súa normalización.

- Uso correcto das vogais

Aplicación das vogais adecuadas para completar palabras que poden ofrecer dúbidas.

Ditado.

Interese por escribir correctamente e evitar castelanismos.

- A lírica amorosa e a poesía social. Algunhas estrofas de tres e catro versos

Análise e comentario de diferentes textos poéticos de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Manuel Rivas e Ana M.^a Fernández, atendendo principalmente á rima, á métrica e aos recursos literarios estudados.

Clasificación de distintos tipos de estrofas e identificación dun soneto.

- Taller de escritura. Poesía de diario

Redacción de textos literarios a partir de rutinas diarias.

Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas.

UNIDADE 11

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto literario de Suso de Toro.

Valoración do dereito á intimidade de calquera persoa.

- Os conectores

Elección dos conectores adecuados para completar textos.

Interese por dominar os distintos mecanismos da lingua necesarios para interpretar e

redactar correctamente diferentes tipos de textos.

- Substantivos relacionados cos oficios e as profesións. As palabras parónimas

Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.

Explicación do significado de refráns.

Elección de sufixos para formar o masculino e feminino de substantivos derivados.

Discriminación e aplicación práctica de parónimos.

Interese por ampliar o caudal léxico e por evitar castelanismos.

- Os adverbios

Identificación e clasificación de adverbios e locucións adverbiais.

Correspondencia entre adverbios e o seu significado.

Substitución de frases por un adverbio ou locución adverbial.

- Clases de oracións

Busca nun texto de diferentes clases de oracións.

Análise sintáctica e clasificación de oracións.

- O galego no ensino

Lectura crítica dun texto no que se manifestan prexuizos con respecto á lingua galega.

Análise crítica da aplicación da *Lei de Normalización Lingüística* no ensino.

Reflexión acerca do aspecto emocional que ten o uso dunha lingua.

Valoración da importancia do labor institucional para a normalización dunha lingua.

- Grupos consonánticos: grupos con *l* e con *r*

Busca de sinónimos e termos contrarios.

Aplicación de *l* ou *r* para completar palabras con grupos consonánticos.

Ditado.

Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.

- Outras manifestacións da lírica: poemas de verso libre, poesía visual, prosa poética

Lectura, análise e comentario dun poema de verso libre de Fran Alonso.

Lectura, análise e comentario de diversos exemplos de poesía visual e caligramas.

Lectura, análise e comentario dun fragmento de prosa poética de A. García Teijeiro.

Valoración dos elementos creativos e innovadores da poesía.

- Taller de escritura: xogos poéticos

Redacción de textos poéticos a partir de xogos lingüísticos.

UNIDADE 12

- Lectura e comentario

Lectura e comentario dun texto literario de Xosé Luis Méndez Ferrín.

Valoración da amizade e fomento da autoestima.

- A cohesión textual

Análise comparativa de textos segundo os mecanismos que proporcionan cohesión.

Corrección de textos utilizando os mecanismos de cohesión textual.

Valoración dos mecanismos que ten a lingua para redactar correctamente os textos, de maneira que resulten claros e amenos para o receptor.

- Verbos relacionados coa sensación de medo. Os hipocorísticos

Aplicación do vocabulario aprendido en diferentes contextos.

Correspondencia entre verbos e frases feitas.

Identificación de antónimos, complementarios e recíprocos.

Relación entre hipocorísticos e os nomes propios correspondentes.

Interese por ampliar o caudal léxico propio e por utilizar as palabras con corrección.

- Preposicións e conxuncións

Identificación das preposicións e locucións prepositivas presentes nun texto.

Aplicación de preposicións e locucións prepositivas para completar textos.

Discriminación na práctica das preposicións *ata/deica*.

Identificación e clasificación de conxuncións.

Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.

- A oración composta

Identificación de oracións compostas nun texto.

Identificación dos nexos que unen os dous membros dunha oración composta.

Clasificación de oracións compostas por coordinación e por subordinación.

- O futuro do galego

Análise do labor levado a cabo polo equipo de Normalización Lingüística do centro.

Redacción de propostas para mellorar a normalización do galego no centro e na propia localidade.

Valoración da iniciativa persoal para acadar nun futuro a completa normalización do galego.

- Grupos consonánticos: os grupos cultos con *-cc-* e *-ct-*

Aplicación de parónimos.

Aplicación práctica de *-cc-/-c-* e *-ct-/-t-*.

- O xénero dramático

Análise, comentario e clasificación de diversos fragmentos teatrais de Manuel Núñez

Singala, Euloxio Rodríguez Ruibal e Salvador Espriu.

- Taller de escritura: cancións tradicionais

Redacción de textos a partir de fragmentos de cancións tradicionais.

gozo coa lectura e recreación de cancións tradicionais.

4. TERCEIRO DE ESO

Libro do alumno: *Lingua e literatura 3* de Xerais

Material do profesor: *Lingua e literatura 3º ESO. Proposta didáctica* de Xerais

4.1. OBXECTIVOS

Ler de forma comprensiva todo tipo de textos.

Comentar un texto e observar as súas características formais.

Ampliar vocabulario.

Identificar as ideas principais dun texto.

Buscar información sobre un tema determinado e organizala coa finalidade de realizar un debate.

Redactar textos propios.

Dominar a puntuación e as regras de ortografía.

Dominar o emprego do til diacrítico. Relacionar til diacrítico con sistema vocálico.

Identificar ditongos e tritongos. Dominar a acentuación en hiatos.

Recoñecer substantivos, adxectivos, determinantes, verbos, adverbios etc.

Dominar o emprego dos pronomes.

Dominar o uso das formas irregulares dos verbos.

Saber utilizar estruturas con infinitivo conxugado.

Identificar funcións sintácticas dentro de oracións simples.

Diferenciar oracións simples de compostas.

- Identificar xéneros da literatura popular tradicional e observar as súas características.
- Recoñecer as distintas linguas da Península e interpretar positivamente o plurilingüismo de Europa.
- Reflexionar sobre o emprego do galego no ámbito educativo.
- Reflexionar sobre a situación lingüística de Galicia en xeral.
- Coñecer o contexto medieval no que se desenvolve a literatura galega.
- Apreciar as diferencias entre o galego medieval e o actual.
- Valorar os cancioneros.
- Valorar a interrelación imaxe-texto literario nas *Cantigas de Santa María*.
- Saber clasificar pola temática as cantigas medievais.
- Coñecer as características formais das cantigas.
- Coñecer a temática das obras en prosa da Idade Media.
- Coñecer o contexto histórico e sociolingüístico dos chamados Séculos Escuros.
- Recoñecer a importancia do P. Sarmiento.
- Xustificar o renacer literario do século XIX.
- Coñecer as principais figuras literarias do Rexurdimento e valorar as súas obras literarias.
- Recoñecer características formais e temáticas das obras máis representativas: *Cantares gallegos*, *Follas novas*, *Aires da miña terra*, *Queixumes dos pinos...*
- Saber comentar un texto literario, identificando figuras, describindo forma etc.

4.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Le un texto e comprende o seu contido (contempla textos literarios, xornalísticos, científicos etc.)

Aplica as regras de acentuación e usa con corrección os distintos signos de puntuación.

Comenta a temática dun texto (narrativo, poético, dramático...).

Analiza textos populares e de autor.

Analiza os elementos dunha noticia.

Analiza unha novela.

Sinala a rima e outros trazos métricos dun poema.

Comenta a expresividade dun poema.

Realiza descrições e narracións diversas.

Crea un poema.

Diferencia lexemas de morfemas.

Identifica prefixos e sufixos e forma palabras derivadas.

Identifica palabras polisémicas, homónimas e homófonas.

Indica as regras de formación do plural e as correspondencias entre masculino e feminino.

Coñece as distintas clases de pronomes e utilízalos correctamente dentro dun contexto.

Diferencia as formas *che / te, llo / llelo, o / lle* etc.

Coñece e usa as diferentes formas dos determinantes.

Recoñece e segmenta unha forma verbal.

Utiliza correctamente as formas verbais irregulares.

Identifica adverbios, preposicións e conxuncións.

Identifica oracións simples e oracións compostas.

Coñece como foi evolucionando ao longo da historia a lingua galega.

Coñece a poesía medieval galega e comenta os diferentes xéneros.

Recoñece fragmentos da prosa da Idade Media.

Analiza a situación da lingua e da literatura galegas durante a Idade Moderna.

Recoñece un poema de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez...

Recoñece a importancia de que un idioma sexa oficial nos territorios onde se fala.

4.3. COMPETENCIAS

Dominio da expresión oral.

Lectura, comprensión e análise diferentes tipos de textos.

Definición de conceptos traballados.

Elaboración de traballos escritos con diferentes contidos e estruturas, ben utilizando instrumentos tradicionais ou utilizando as novas tecnoloxías.

Busca de información en soportes tradicionais e por medio das novas tecnoloxías.

Planificación de debates, elaboración de resumos, fichas de lectura, definicións, esquemas e calquera outro tipo de traballo académico tirando conclusións.

Formulación da idea principal dun fragmento e comentario do mesmo.

Identificación de diferentes tipos de textos e interpretación de esquemas, gráficos etc.

Interiorización de actitudes cívicas.

Valoración positiva do plurilingüismo.

Equiparación do galego e o castelán na sociedade galega.

Valoración positiva da riqueza cultural de Galicia.

Desenvolvemento da creatividade, a autonomía persoal e a autoavaliación.

Manexo dos instrumentos básicos para o coñecemento da lingua (dicionarios, gramáticas...).

Uso adecuado do léxico.

Recoñecemento de artigos, posesivos, demostrativos...

Emprego correcto das diferentes formas verbais.

Coñecemento dos xéneros poéticos medievais.

Coñecemento das principais obras en prosa da Idade Media.

Coñecemento da situación da literatura durante os Séculos Escuros e o XIX.

Valoración do esforzo e do traballo.

Comentario dunha cantiga medieval.

Comentario dun texto do Rexurdimento.

4. 4. CONTIDOS

O abecedario. Fonema, grafema e dígrafo.

As consoantes. Ortografía.

As vogais. Ditongos, tritongos e hiatos.

As sílabas. Acentuación.

O til diacrítico.

Os signos de puntuación.

Lexemas e morfemas.

Palabras simples derivadas compostas e parasintéticas.

Palabras variables e invariables.

O substantivo. Clasificación. Xénero e número. Formación do feminino e do plural.

O adxectivo. Clasificación. Graos.

Determinantes e pronomes.

Artigos, posesivos, demostrativos, indefinidos, numerais, interrogativos, exclamativos.

Contraccións.

Pronomes persoais. Formas tónicas e formas átonas. Funcións. Colocación con respecto ao verbo etc.

Verbos. O tempo e o modo. Segmentación de formas verbais.

Infinitivo, xerundio e participio. Perífrases verbais. Infinitivo persoal.

Adverbios. Clasificación

Preposicións e locucións preposicionais. Funcións.

Conxuncións e locucións conxuntivas. Coordinación e subordinación.

As interxeccións.

Campos semánticos, polisemia, homonimia, sinonimia.

Os xéneros literarios.

Métrica: arte maior, arte menor, sinalefa, rima...

Figuras literarias: metáforas, comparacións, personificacións...

As linguas da Península. Plurilingüismo de Europa.

A oficialidade dos idiomas. Bilingüismo e diglosia. A normalización dunha lingua.

Variantes dialectais do galego.

Os cancioneros profanos e relixiosos da Idade Media.

Cantigas de amigo, de amor e de escarnio.

As Cantigas de Santa María.

Crónica troiana, Miragres de Santiago e outros textos en prosa.

Os Séculos Escuros.

A literatura de transmisión oral.

Prerrexurdimento.

A obra de Rosalía, Curros e Pondal.

Outros autores do Rexurdimento.

5 . CUARTO DE ESO

Libro do alumno: *Lingua e literatura 4* de Xerais

Material do profesor: *Lingua e literatura 4º ESO. Proposta didáctica* de Xerais

5.1 OBXECTIVOS

Percibir a intención comunicativa implícita e explícita.

Diferenciar ideas principais e ideas secundarias.

Comprender textos escritos de carácter diverso.

Realizar exposicións de traballos de información, investigación, etc.

Participar en debates e outras actividades de carácter grupal.

Escribir textos propios con corrección, planificalos e revisalos.

Consultar información en diferentes soportes.

Integrar datos conseguidos por diferentes medios nos propios traballos.

Reflexionar sobre o sistema lingüístico e incorporar os coñecementos ao uso.

Utilizar a lingua con fluidez.

Reparar nos feitos máis relevantes da historia da lingua galega.

Observar a creatividade literaria galega a través do tempo.

Lectura e comentario de obras literarias contemporáneas.

Incorporar os coñecementos literarios ás propias creacións.

Relacionar unha obra literaria determinada con contexto histórico.

5.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica a intención comunicativa implícita e explícita.

Diferencia as ideas principais das ideas secundarias.

Comprende un texto escrito.

Realiza exposicións orais.

Participa nun debate.

Planifica e redacta un texto propio.

Busca información en soportes tradicionais e a través das novas tecnoloxías.

Escolma información para os teus traballos.

Aplica os coñecementos sobre a lingua nos propios textos.

Identifica as causas e as consecuencias dos feitos históricos relacionados coa lingua galega.

Sitúa unha obra ou un autor dentro da súa época.

Le unha obra literaria e expón o teu criterio e a túa opinión sobre ela.

Utiliza os coñecementos literarios para as túas creacións.

5.3 COMPETENCIAS

Adquisición de destrezas que permitan un uso pleno do galego.

Comprensión crítica da realidade.

Respecto polas diferentes culturas e mellora na convivencia.

Emprego de soportes variados para obter información (documentos virtuais, enciclopedias, etc.).

Selección, análise e organización de información para adquirir coñecementos.

Valoración das manifestacións artísticas.

Perfeccionamento da lectura comprensiva.

Organización das actividades académicas por medio de esquemas.

Valoración da lectura e da escritura como fontes de enriquecemento.

Participación en lecturas literarias, obradoiros, grupos teatrais, etc.

5.4. CONTIDOS³

UNIDADE 1

Galicia no primeiro terzo do XX.

As Irmandades da Fala.

O movemento agrarista na literatura.

Ramón Cabanillas.

Campo semántico do tempo cronolóxico.

As funcións sintácticas.

Coordinación, subordinación e interdependencia.

As linguas do Estado español.

UNIDADE 2

Os tempos do grupo Nós.

Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

Campo semántico dos sentidos.

Frases simples e frases complexas.

Historia da lingua galega desde as súas orixes ata o século XX.

UNIDADE 3

Vida e obra de Castelao.

Campo semántico das relacións sociais.

Cláusulas simples e cláusulas complexas.

Historia da lingua galega desde a G. Civil ata os nosos días.

UNIDADE 4

A renovación poética no primeiro terzo do XX.

Imaxinismo, neotrobadorismo e vangadismo.

A obra de Manuel Antonio, Amado Carballo e Rafael Dieste.

Campo semántico do inverno e o Nadal.

Suxeito e predicado.

Uso de pronomes e adverbios.

A puntuación.

Situación sociolingüística na Galicia de hoxe en día.

UNIDADE 5

A cultura galega despois da Guerra Civil.

A editorial Galaxia.

Álvaro Cunqueiro.

O alfabeto.

Campo semántico da cidadanía.

Os complementos directo, indirecto e axente.

A lingua galega nas institucións.

UNIDADE 6

A obra de Ánxel Fole.

A poesía de Pimentel, Iglesia Alvariño e Díaz Castro.

O campo semántico do Entroido.

Suplemento e complementos circunstanciais.

Os dereitos lingüísticos.

UNIDADE 7

A literatura galega no exilio.

Luís Seoane e Lorenzo Varela.

A narrativa de Eduardo Blanco Amor.

Campo semántico das romarías.

Atributo e predicativo.

A normalización do galego.

UNIDADE 8

Situación da literatura galega durante o franquismo.

A figura de Celso Emilio Ferreiro.

Campo semántico da administración local.

Subordinadas substantivas e adxectivas.

Variedades xeográficas do galego.

UNIDADE 9

A xeración poética dos anos cincuenta.

A obra de Uxío Novoneyra e Avilés de Taramancos.

Manuel María, Bernardino Graña e Xohana Torres.

Campo semántico da reciclaxe.

Subordinadas adverbiais.

A lingua estándar.

UNIDADE 10

A narrativa galega dos anos sesenta.

Nova Narrativa Galega.

Neira Vilas, Méndez Ferrín, Casares e M^a X. Queizán.

Campo semántico da xustiza.

As TIC como novas formas de comunicación.

Oracións condicionais e concesivas.

Uso de *-cio / -zo* e *-cia / -za*.

A linguaxe sexista.

UNIDADE 11

A oficialización da lingua galega.

Avances no proceso de normalización.

Os novos grupos literarios.

A industria editorial.

Elaboración dun currículo.

Campo semántico das accións.

Oracións causais, consecutivas e comparativas.

Ortografía dos grupos consonánticos.

UNIDADE 12

Cambios sociopolíticos desde 1980.

Narradores actuais: Freixanes, Conde, Alcalá, Suso de Toro, Rivas e D. X. Cabana.

A literatura infantil e xuvenil.

O Centro Dramático Galego.

Campo semántico das vacacións.

Coordinadas copulativas, disxuntivas, adversativas e distributivas.

Maiúsculas e minúsculas.

A banda deseñada

6. GRUPOS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

6.1 PROPOSTA DE CONTIDOS (Para cada un dos ámbitos e materias específicas e a súa contribución á consecución das competencias básicas)

Para evitar que os alumnos e alumnas se sintan diferentes dos compañeiros pertencentes a outros grupos, situación que incidiría negativamente na propia autoestima, manexamos e temos como referencia a programación común do nivel así como os correspondentes libros de texto de Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias Sociais, aínda que neles seleccionemos o que consideramos máis esencial; isto é, conceptos lingüísticos básicos aplicados aos dous idiomas (sinonimia, antonimia, xénero, número, tempo verbal, oracións...) e coñecemento dos autores máis representativos das dúas literaturas. En Ciencias Sociais incidimos en aspectos de cultura xeral, tanto nos variados campos da xeografía como nos feitos históricos máis salientables e nas correntes artísticas. Por outra banda, diremos que a corrección ortográfica e a expresión escrita é unha constante dentro das actividades que se realizan.

6.2 OBXECTIVOS

Os propios de cada nivel, pero mantendo como prioritarios os seguintes:

- dominio da expresión oral e escrita.
- gusto pola lectura.
- interese e curiosidade pola cultura.

- manexo da prensa diaria.

6.3 LIÑAS METODOLÓXICAS

Distribuímos as horas lectivas entre as tres parcelas de que consta o ámbito.

O desenvolvemento do programa durante dúas horas diarias, permite, de ser necesario, manter temas, debates, comentarios etc., sen necesidade de cambiar forzosamente de materia nun momento determinado.

Reservamos dez minutos no cambio de materias para a lectura e comentario de titulares de prensa, onde procuramos observar os contidos do campo social e lingüístico en relación coa actualidade diaria.

6.4 PROPOSTAS DE AVALIACIÓN INICIAL

Nun primeiro momento partimos dos informes da orientadora e dos profesores do curso anterior. Durante as dúas primeiras semanas imos confirmando as carencias e necesidades de cada alumno ou alumna.

6.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para a confección de probas utilizamos, en liñas xerais o mesmo tipo de exercicios e estruturas que para o alumnado dos grupos de referencia.

Procuramos avaliar dun xeito particular o traballo, o interese persoal, a ordenación do material etc., de maneira que todos estes aspectos compensen a falta de memoria ou

calquera outro tipo de eiva que condicione os rendementos relacionados cos contidos.

6.6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALICACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA

En liñas xerais, podemos dicir que os profesores non nos sentimos subordinados ou condicionados polo programa. Non renunciámos a desenvolver nas clases as actividades que permitan a certos alumnos reincorporarse en anos sucesivos á programación común; pero, ao mesmo tempo, sabemos acomodarnos ao nivel dos máis desfavorecidos, con tal de que estes descubran en si mesmos algún potencial ou capacidade. Deste xeito, mantemos como constante o aspecto formativo da comprensión lectora e a escritura e cos contidos de carácter máis académico relativizamos o seu dominio.

7. PCPI (PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL)

MÓDULO DE COMPETENCIA COMUNICATIVA E DIXITAL

7.1. OBXECTIVOS

Comprender e analizar textos orais e escritos de índole social, cultural e profesional en lingua galega e castelá.

Crear textos de índole social, cultural e profesional nas dúas linguas con coherencia, corrección lingüística e adecuación.

Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso

lingüístico para comprender textos orais e escritos.

Converter a lectura en fonte de pracer, de información, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

Coñecer a diversidade de usos das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que resulten discriminatorios.

Buscar e seleccionar recursos en fontes e medios diversos para realizar e completar producións propias.

Planificar e executar proxectos de progresiva dificultade acudindo a fontes impresas e dixitais, e elaborar presentacións claras, correctas e coherentes dos resultados, a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

Coñecer as posibilidades de información en Internet e a necesidade dunha postura crítica e responsable ante esta rede.

Ter un coñecemento lingüístico básico das dúas linguas para conseguir unha comunicación correcta e coherente.

Utilizar con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

Crear textos descritivos, narrativos, expositivos, argumentativos...

7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñece as normas ortográficas do galego e do castelán (uso correcto das letras, o til e os signos de puntuación) e reflicte ese coñecemento nos textos.

Obtén información e planifica o traballo consultando distintas fontes de información, entre elas as TIC.

Crea textos de diferente tipo con coherencia e cohesión (narracións, descricións, exposicións, argumentacións, textos periodísticos, instancias, informes e todos aqueles que se traballaron na aula).

Elabora correctamente resumos, esquemas e traballos.

Comprende textos orais e escritos, identificando a información, as ideas principais e secundarias, o tema.

Coñece os xéneros literarios.

Coñece a situación lingüística de España.

Usa correctamente o léxico propio deste nivel.

Usa a lectura como fonte de formación e de información recorrendo a manuais, dicionarios, prensa, Internet,...

Mostra interese e unha actitude positiva.

7.3. CONTIDOS E COMPETENCIAS

Os contidos que se propoñen para este módulo están divididos en catro bloques. O primeiro ocupará o primeiro trimestre, o segundo e o terceiro o segundo trimestre e o cuarto o último trimestre. Utilizarase a prensa en moitas sesións para incorporar temas de actualidade.

Bloque 1

Elementos da comunicación.

Funcións da linguaxe.

O resumo e o esquema.

A acentuación ortográfica en galego e castelán.

A ortografía das letras nas dúas linguas.

As modalidades do discurso: textos descritivos, narrativos, expositivos, argumentativos.

O texto: mecanismos de coherencia e cohesión.

As linguas de España.

As variedades oral e escrita, coloquial e formal das dúas linguas.

A exposición oral.

A biblioteca.

A bibliografía.

Bloque 2

Medios de comunicación social.

Textos periodísticos informativos: a noticia e a reportaxe.

O estilo directo e indirecto.

A literatura e as novas tecnoloxías.

Xéneros literarios.

Clases de palabras.

A sinonimia.

As palabras tabú e os eufemismos.

A denotación e a connotación.

O uso dos dicionarios.

As enciclopedias.

Bloque 3

Textos periodísticos expositivo-argumentativos: o editorial, o artigo de opinión, a columna, a crítica, a carta ao director.

Enunciados oracionais e non oracionais.

O sintagma e a oración.

Clasificación das oracións segundo a actitude do falante.

A antonimia.

Os préstamos.

Uso dos signos de puntuación.

Linguaxes non verbais.

O ordenador: procesador de textos e Internet (I).

A documentación visual e audiovisual.

O traballo de investigación.

Bloque 4

Textos do mundo social e laboral: instancia, guía, correspondencia, cuestionario, currículo, informe.

As funcións oracionais.

Clasificación da oración segundo a estrutura do predicado.

Campo semántico e familia léxica.

Polisemia e homonimia.

O ordenador (II).

A través destes bloques preténdese mellorar a competencia comunicativa e dixital, é dicir, comprensión de noticias, comprensión e expresión de textos utilizando o soporte papel ou dixital, coñecemento dos aspectos lingüísticos básicos, creación de textos de diferente tipo, lectura correcta, reflexiva e crítica, uso do ordenador cos procesadores de texto e Internet para obter información, ademais doutras actividades que se irán desenvolvendo ao longo do curso co fin de mellorar as competencias comunicativa e dixital.

8. PLAN LECTOR

O fomento da lectura constituirá un dos obxectivos primordiais en todos os niveis. O desenvolvemento da programación en cada un dos grupos deberá ter en conta que o alumnado lea un mínimo de tres libros durante o curso escolar (un por trimestre).

Con esta finalidade poderanse dedicar especificamente á lectura as horas lectivas que cada profesor ou profesora estime conveniente, segundo o nivel académico e o grao de

madurez do alumnado.

As obras deberán axeitarse aos intereses e ás capacidades de cada grupo e non necesariamente terán que ser de carácter literario.

Os títulos poderán ser recomendados polo profesor ou profesora respectivo, polos compañeiros de clase ou ben elixidos libremente polo propio alumno ou alumna.

O Departamento participará co alumnado nas actividades anuais de lectura relacionadas coa Festa do Libro e o Día das Letras.

Intentarase continuar colaborando nas actividades que se coordinen e organicen desde a biblioteca ou polo Equipo de Dinamización Lingüística, como no curso anterior.

9. AVALIACIÓN GLOBAL DO ALUMNADO EN XERAL E CONTIDOS BÁSICOS

As cualificacións trimestrais e final do alumnado de ESO, calquera que sexa o grupo ao que pertencen, deberán obterse tendo en conta, dun xeito aproximado, os seguintes aspectos:

- comportamento e actitude dentro da aula e ante a materia (10% da nota).
- caderno de traballo: presentación, realización de tarefas etc. (10%).
- lecturas (10%).
- dominio oral do idioma: exposicións, comunicación co profesor, uso espontáneo do galego na aula etc. (10%).
- expresión escrita (10%).
- contidos específicos de morfoloxía, sintaxe, historia da literatura etc. (50%).

Os alumnos con materias pendentes serán avaliados ao longo do curso académico a través das actividades e probas que lles propoña o profesor responsable de cada nivel. Teranse en conta os contidos básicos marcados e comúns que habitualmente se veñen utilizando no Departamento (escribir con corrección, expresión oral fluída, dominio do sistema verbal, colocación dos pronomes átonos, correspondencias masculino-feminino, formación do plural, coñecemento do léxico máis empregado, de autores significativos das diferentes épocas da nosa literatura (segundo o programa que se pide en cada nivel), etc.

O rendemento nas actividades e nas probas anotarase trimestralmente no Boletín de Cualificacións.

BACHARELATO

1. PRIMEIRO DE BACHARELATO

Tomarase como referencia o DCB do 23 de xuño de 2008, onde se especifican os contidos, competencias e criterios de avaliación para o bacharelato.

Libro de texto e programación de referencia de Editorial Tambre.

1.1. OBXECTIVOS.

Os obxectivos fundamentais do ensino da materia de lingua galega e literatura son o

desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).

7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.
10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como una condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.
12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.
13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.
15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identificar diferentes sistemas de comunicación.

Recoñecer todos os fonemas da lingua galega.

Coñecer os conceptos de linguas románicas, artificiais, minorizadas e minoritaria.

Valorar por igual de todas as linguas con independencia do seu estatus, número de falantes...

Recoñecer os substantivos nun texto.

Diferenciar as frases substantivas e as nominais.

Saber variar xenérica e numericamente os substantivos.

Identificar a estrutura interna das palabras.

Identificar as linguas da Península Ibérica.

Identificar diferentes sistemas de comunicación.

Recoñecer os adxectivos nun texto.

Percibir axeitadamente o xénero e número dos adxectivos e ser quen de cambialos de xénero e número.

Realizar a gradación dos adxectivos.

Identificar a función dos adxectivos nas cláusulas ou frases.

Recoñecer os pronomes persoais tónicos e as súas contraccións.

Describir a estrutura interna das palabras complexas e compostas.

Coñecer a normativa do idioma galego.

Describir as características da lingua escrita, fronte á oral.

Recoñecer os verbos nun texto e saber conxugalos.

Recoñecer a estrutura interna dalgúns formas verbais.

Conxugar axeitadamente os verbos con alternancia vocálica e os irregulares.

Identificar os préstamos e explicar de que lingua proveñen.

Ser quen de crear textos expositivos.

Describir as características da lingua

Conxugar axeitadamente o infinitivo persoal.

Identificar as perífrases verbais e o seu valo

Ser quen de crear textos narrativos.

Describir as características da evolución lingua escrita.

Recoñecer os adverbios, preposicións e conxuncións nun texto ou nunhas secuencias dadas.

Diferenciar os adverbios, preposicións e conxuncións das locucións correspondente.

Entender o concepto de antroponimia

Argumentar axeitadamente de forma oral.

Ser quen de crear textos argumentativo.

Comprender a situación sociolingüística galega do século.

Comprender a importancia histórica da figura de Rosalía de Castro.

Analizar as características principais de Cantares gallegos e Follas novas.

Comprender as achegas de Rosalía á prosa galega.

Analizar as características principais da obra de Curros Enríquez e de Eduardo Pondal

Recoñecer a tipoloxía do comentario de textos teatrais.

Ser quen de realizar un traballo utilizando todo tipo de fontes e soportes para realizalo.

1.3. COMPETENCIAS

Valoración das linguas con independencia do seu prestixio, número de falantes, etc.

Coñecemento e valoración en positivo da diversidade lingüística da Península Ibérica.

Concienciación sobre a relación entre a normalización lingüística e a normalización cultural de Galicia.

Capacitación para o recoñecemento e a análise de distintos tipos de textos

(argumentativos, expositivos...)

Coñecemento e dominio na produción de textos escritos con coherencia, cohesión e sen erros ortográficos.

Disposición e corrección na produción de textos orais.

Coñecemento máis amplo da gramática e do léxico.

Comprensión da importancia da conservación da toponimia.

Valoración dos textos literarios e das súas características estéticas.

Recoñecemento e valoración das distintas manifestacións literarias da Idade Media e do Rexurdimento.

Dominio no uso dos termos literarios.

Conciencia da relación entre a literatura e o contexto histórico-social, as novas correntes estéticas, as convencións, técnicas e recursos da literatura.

Valoración crítica das diversas manifestacións literarias da obra de Rosalía de Castro, Manuel Curros e Eduardo Pondal.

Comprensión das características da lingua escrita dos distintos periodos da historia da literatura estudados.

1.4. CONTIDOS COMÚNS.

Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.

Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.

Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.

Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

-Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto.

Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.

Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas.

Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos.

Análise do rexistro en producións alleas.

Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.

Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.

Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.

Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.

O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.

Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.

Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

A sociolingüística.

A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.

A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.

A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

A literatura

A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.

A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta.

Caracterización, lectura e comentario.

A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

1.5. METODOLOXÍA

Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.

Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.

Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros

medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.

Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.

Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

2. SEGUNDO DE BACHARELATO

Ademais do DCB citado, optamos por subordina-los aspectos de expresión, así como todos aqueles relacionados coa gramática, aos núcleos temáticos sobre lingua e historia da literatura propostos polo Grupo de Traballo de Lingua e Literatura Galegas da CIUG. Con respecto ás actividades, ademais das escolmadas no libro de texto, introduciremos modelos de probas de Selectividade.

Libro de texto *Lingua galega e literatura II. Rodeira-Edebé*

2.1. CONTIDOS. SECUENCIACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

Sociolingüística

As funcións sociais da lingua. Conflito lingüístico e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Linguas minoritarias e linguas minorizadas. O galego: lingua en vías de normalización.

O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais.

Contexto histórico e situación sociolingüística.

O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características fundamentais.

Contexto histórico e situación sociolingüística.

SEGUNDO TRIMESTRE

Literatura

A literatura do primeiro terzo do século XX.

A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.

A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (ensaio, narrativa, xornalismo).

O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.

2.A literatura entre 1936 e 1976:

A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace

e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.

A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Neira Vilas.

A Nova Narrativa galega. A prosa do exilio.

O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro

do exilio.

TERCEIRO TRIMESTRE

Literatura

3.A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:

Poesía: temas e autoras e autores dos anos 80 e 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

Prosa: temas e autoras e autores máis relevantes dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Aspectos gramaticais

A fonética, gramática, léxico, semántica e as variedades lingüísticas; por seren a parte máis práctica incluíranse nos tres trimestres como reforzo e consolidación dos coñecementos adquiridos, nos exercicios da clase e na realización de probas modelo da selectividade.

Actividades

Lectura dunha obra de cada un dos xéneros estudados.

Comentario de textos literarios.

Interpretación persoal de aspectos sociolingüísticos.

Esquemas sobre autores, movementos e épocas.

Exercicios de morfloxía e sintaxe.

Probas de selectividade.

3. LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

3.1. OBXECTIVOS

1. Coñecer a creación literaria do século XX e da actualidade, utilizar de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas, apreciando a obra literaria como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.
2. Ler obras literarias, identificar nelas os aspectos formais e temáticos que as identifican e valoralas como expresión da sensibilidade da persoa e da identidade cultural de Galicia.
3. Comprender a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada e recoñecer nela as influencias literarias e non literarias.
4. Valorar a riqueza temática da creación literaria do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diversas autoras e autores.
5. Establecer relacións entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, explicando as conexións temáticas e formais que existan entre eles.
6. Elaborar traballos sinxelos de investigación sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, utilizando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal.

3.2. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

A prosa

Prosa de ficción: relato curto e novela.

Estrutura e técnica narrativa. Temática.

A prosa de non ficción: o compromiso cultural.

A crítica literaria.

Artigo de opinión.

Reflexión sobre o significado e a importancia de determinadas formas literarias na cultura do século XX e da actualidade.

SEGUNDO TRIMESTRE

Poesía

- A creación poética. A súa importancia ao longo do século XX e na actualidade.

- Temática: o paisaxismo. A poesía existencial. A poesía social. A poesía amorosa.

- Forma e linguaxe poética.

- Relacións intertextuais.

- As influencias literarias na creación poética.

TERCEIRO TRIMESTRE

A literatura e as outras artes

- Texto literario e espectáculo teatral. A súa presenza no século XX e na actualidade.

- Temática e técnica teatral.
- Literatura e cine. Influencias.
- Debuxo e simbolismo. O texto, a imaxe e o contexto.
- Interpretación de obras nas cales se integre texto e imaxe dentro dun determinado contexto.
- Identificación, a través da comparación de textos, da diversa temática e da técnica teatral ao longo da creación no século XX e na actualidade.

3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler e interpretar textos significativos da literatura deste periodo, sabendo relacionalos co contexto histórico e sociocultural.
- Analizar textos, reflexionando sobre os seus recursos estilísticos e técnicos, e sobre a interrelación do contido coa forma.
- Recoñecer en textos de diferente autoría a presenza dunha mesma temática e relacionalos con formulacións anteriores poñendo de relevo as diferenzas que os singularizan.
- Elaborar traballos sinxelos sobre obras de creación, explicando as características principais, achegando unha opinión persoal e utilizando de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA BACHARELATO

Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as

súas ideas principais e secundarias.

Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.

Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica amais dunha coidada presentación.

Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.

Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario receptivo, senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuizados e estereotipos que están ligados a ela.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN XERAL 2010-2011

Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.

Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autoras e autores e obras.

Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

Membros do Departamento:

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN XERAL 2010-2011

M^a Inmaculada García Sendón

Asdo.

Telma Naveira Roca

Asdo.

Mercedes Doallo Biempica

Asdo.

Carme Fernández García